



ANUNCIO

O alcalde por resolución, dictada o día 1 de decembro de 2025, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de nomeamento dunha praza de Educador/a Familiar reservada a persoal funcionario/a, no marco dos procedementos diferenciados extraordinarios de estabilización do emprego temporal e en execución da Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización para 2025.

En data 28 de novembro de 2025 publícase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño, a puntuación definitiva do proceso selectivo de estabilización de emprego temporal, correspondente á praza de **EDUCADOR/A FAMILIAR**, persoal funcionario do Concello de Miño, incluída na Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización que para o exercicio 2025 aprobou o concello de Miño por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 23 de xaneiro de 2025 (BOP núm. 17 do 27.01.2025).

Vista a proposta do tribunal de selección da relación de persoas que superaron o proceso selectivo, e de conformidade co establecido na base décima das bases da convocatoria, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

Primeiro.- Propoñer como persoal funcionario do Concello de Miño, o seguinte aspirante aprobada no proceso selectivo convocado da praza de **EDUCADOR/A FAMILIAR**:

Denominación da praza	Tipo	Nomeado
Educador/a familiar	Funcionaria	Lucia Fernández Álvarez(DNI: **6847***)

Segundo.- Conceder un prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no BOP, para presentar no Rexistro xeral do Concello de Miño os documentos establecidos na base décima das bases xerais reguladoras do proceso de selección.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

CVD: tozhnWUE72ZEGQneM1fJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.concellodemino.gal/>